

Xavier Alcalá\*

## Autopoética

Ninguén me pode negar o dereito de ser humano, e, por tanto, de fabular.

Todos pasamos a vida fabulando, contando, relatando, a lembrar e imaxinar.

Pero os máis equilibrados conténtanse con parolaren en privado ou, como moito, con escribiren cartas.

Non hai nada máis suxerente cós documentos que se atopan nos caixotes do faiado: a carta do avó desde a Habana, a do pai –aínda noivo– desde o cuartel de Melilla... Tales textos pintan a vida sen intención de transcendencia, como a min sempre me gustaría facer.

---

\* Nado en Miguelturra (Ciudad Real), vila do Campo de Calatrava onde Cervantes exerceu de escribán e de escritor. Criado en Ferrol e a Ferrolterra, con relacións e vivencias entre Valdoviño e Pontedeume. Casado na igrexa das Virtudes da vila dos Andrade con Elena Baillie, angloarxentina. Veciño da Coruña dende hai vintedous anos. Pai de tres rapaces. Estudiu a primaria e o bacharelato no Instituto Concepción Arenal de Ferrol, e na universidade de Madrid tentou ser Arquitecto e Físico para acabar sendo Enxeñeiro de Telecomunicación. Exerceu esta profesión en Galicia, con numerosas viaxes e estadas en distintos países de Europa e América. Entre os seus postos de traballo salienta o de director técnico da CRTVG. Actualmente é Director de tecnoloxía do Centro de Innovación e Servicios do IGAPE e Profesor Asociado de Enxeñería Telemática na Facultade de Informática da Coruña.

A súa obra narrativa –crónicas, relatos e novelas– recolle boa parte desas vivencias profesionais e viaxeiras. Autor «marxinal» ou «en horas cansadas», iniciouse escribindo letras de cancións para Andrés do Barro e artigos para *El Ideal Gallego*. Desde 1971, mantén unha liña continuada de colaboracións con xornais e revistas que amosan as súas preocupacións pola sociolingüística e os efectos sociais das tecnoloxías da información. Actualmente colabora co diario *El Mundo*. En 1972 apareceu o seu primeiro libro de relatos, *Voltar*, que marca liñas principais dos que o han de seguir: a emigración como materia de aventura relatable e o realismo como forma de relatar. Dentro do xénero curto, podemos enumerar os seguintes títulos: *Voltar* (1972), *A Fundición* (1978), *O Larvisión* (1981), *O Larvisión e outros relatos* (1984), *Los Angeles Flash* (1989), *Far South* (1991), *Contos das Américas* (1992), *Contos do Impaís* (1992), *Sucinto informe* (1992), *Relación de feitos de sangue* (1994), *Hotel Damasco*, (1995). As novelas que publicou ata o momento son as seguintes: *A Ínsua* (1978), *A Nosa Cinza* (1980), *Fábula* (1980), *Nos Pagos de Huinca Loo* (1982), *Tertulia* (1985), *Fumes de Papel* (1988), *Cárcere Verde* (1990), *Latitude Austral* (1991), *Código Morse* (1996). Tamén escribiu narracións de viaxes: *Arxentina* (1990), *Viaxes no país de Elal* (1992). Ademais, Xavier Alcalá traduciu *A Illa do Tesouro*, de Stevenson (1984) e *Un Estudio en Escarlata*, de Conan Doyle (1986).

Gústame pintar a vida; gustaríame vivir tanto –tan intensamente– que non me dese tempo a contar o vivido; vivir moitas vidas –a propia e outras, no propio tempo, antes e mesmo despois– para sempre estar na proba dun relato infinito...

Xa de pequeno marchaba eu do cinema cando me parecía inadmisíbel, por inverosímil, o que me ofrecía a pantalla. E iso procuro evitar nos meus relatos: a inverosimilitude.

Recoñezome suxeito dun artigo espléndido, *Why I write (Por qué escribo)* de George Orwell. Segundo o autor, un escritor maniféstase polo mesmo que chora un meniño: para chamar a atención dos demais.

Eu quero chamar a atención, mais sobre a vida vivida ou vivíbel. Non lanzo anatema contra os colegas fantasiosos, pero nunca hei entrar no seu terreo. Podo ser o seu lector agradecido, en canto o meu empeño é o da outra ficción, a que obriga a imaxinarmos o que puido ter sido realidade.

De aí, a teima das aventuras realistas, da intriga no acontecer cotián, do docudrama, das narracións de viaxes...

En Literatura, como no sexo, todo vale mentres guste. Pero eu –logo de vintecinco anos de publicar libros– xa só sei escribir como se non imaxinase o que escribo.

## Bonchul

Neste país de tanta casta e tanto recaste, onde xentes de moitas razas perden a xenealoxía nun barco ateigado de inmigrantes, danse curiosidades de nome e apelido que asombran. Imaxínense as pronuncias estrañas de *rusos*, *turcos*, *tanos*... e mesmo de *gallegos*. Eu, por exemplo, son Outeiriño, e moitísimas veces me teñen escrito Oteriño, que a boca non lles dá para para ditongos decrecentes a *milicos* e funcionarios.

Aquí a xente di «*vós hablás criollo pero escribís castellano*» e, en realidade, nin sabe o que escribe. Outro exemplo: onte fun comprar arreos para o cabaliño dun neto e, mirando listas de prezos, fiquei abraiado: no correspondente á cabezada salientaba «*con osiquera*», querendo indicar *hociquera*, a banda de coiro que axusta o fuciño...

En fin, cousas de vello mestre ensinador de ortografía, observador do «idioma nacional», curioso de ata onde puideron chegar o quichua, o aimara, o mapuche..., línguas que presionaron o castelán como agora o seguen a presionar o guaraní e o portugués.

Pero xa me estou indo das rodeiras, cando quería relatar algo da historia de *don Bonchul*, veciño noso (advertindo que no país é costume meter o «don» diante dos nomes de familia, máis que diante dos de pía).

Nesta vila que se di cidade temos moitos alemáns, de sempre divididos en dous bandos: os da colonia *Estrella de David*, comunidade que logo así se presenta, e os outros.

Dos outros, por facer rápida clasificación, hainos como *don Espengler* o da gomería, ao que lle esmendrellaron o apelido nos papeis porque, se cadra, o seu avó era medio analfabeto e non sabía palabra de castelán cando bateu cos ósos no Hotel de Emigrantes; pero tamén os hai como o señor Manfred von Schultz, fillo dun terratenente que, nos tempos que alá van, oufanábase de que todo nas súas estancias –gando, trebellos e criadaxe– fose de procedencia xermánica.

Ao vello Von Schultz, malia os respectos e a sona da marca gandeira (era criador de cabalos hannoverianos que valían un potosí), a xentiña chamáballe xa *don Bonchul*; e aos tres fillos, *Bonchulitos*...

Eu nacín aquí pero sempre me defendín en galego (e en portugués, que fica preto a raia brasileira) porque os meus pais eran activistas do Centro, o vello mesmo correspondente das Irmandades da Fala. Foi el quen, na ocasión de ensaiarmos o *Negra Sombra*, derivou o ensaio –como moitas veces facía– cara ás cousas dos apelidos e acabou escribindo nun encerado *Xults*, maneira de indicar con grafía nosa como se debía pronunciar o nome do estancieiro gringo que tanta ordenación trouxo a estes pagos.

«*Fon Xults*, nada de *Bonchul*» insistía meu pai, mestre frustrado -e mesmo escolar frustrado por medo ao lobo, pois na súa aldea montañesa cumpríalle cruzar un vao do río entre a casa e a escola, e nese vao viñan beber os lobos fartos de comeren nas carnes dos poldros...

O vello Von Schultz, don Rudolf, trataba ben os galegos. Andando pola rúa, adoitaba cravar os ollos azuis nos transeúntes para logo comentar sobre as trazas das súas nacións; en nós observaba unha tendencia curiosa ao pómulo alto e o ollo riscado que non se debía confundir coa das faccións dos indios. Prezábase de «craneólogo» e gozaba ao saber que Galicia se definira como reino no tempo dos suevos, seus conxéneres. «Raza peculiar», dicía amablemente; e ata lle pediu ao meu pai un exemplar de revista en que Castelao deixaba trazada a liña fina a síntese de moitas caras paisanas.

Ese era o pai de Manfred, don Rudolf, que por veces conferenciaba no noso Centro. Respectaba a nosa colectividade por traballadora en terra de moita lacazanería e botábanos discursos sobre os grandes avances da técnica agropecuaria en Alemaña.

Se lle preguntabamos por qué emigrara, provindo de familia con posibles, ata con baronía, argumentaba que por culpa da «presión demográfica» e polo «espírito de aventura». Non debiamos pensar –concluía– que o mudarse para as Américas fose exclusiva de españois, portugueses e ingleses. Repasando ben a historia dos Estados Unidos, logo veríamos un momento en que alá houberon de escoller idioma oficial para a nova república, entre inglés e alemán, e que gañou o inglés por pouco, pois tantos eran os colonos de procedencia xermánica.

Cando lle comentabamos isto a *don Güilian* (Williams, enténdase), o inglés da consignataria, respondía el coa súa sorna: «Velaí do que se librou o Mundo. Se os

ianquis chegan a falar alemán, seríamos escravos da inutilidade, que ata Goethe recoñecía que o seu idioma era inútil».

Ben. O caso é que, por estes pagos de pampa húmida e abundacias, as colectividades inmigrantes fóronse adaptando á terra de acollida pero ningunha quería perder relación coas orixes. É fama (e miña irmá Rosalía fixo unha estatística para o gobernador da provincia) que os galegos casaban con rapazas das familias chegadas da súa terra despois deles –como é o exemplo dos meus pais– e que raros casos foron os de mestura mesmo entre os fillos da *Madre Patria*: algún galego camareiro cunha asturiana *mucama*, un asturiano ovelleiro cunha leonesa *chacarera*... Habería que esperar o paso das xeracións para que aparecesen as cruzas de sangue.

Os provenientes de España tiñan o Centro Galego e a Mutua Española, e, entre eles, algunhas tensións, que habían aumentar cos desastres da guerra civil: na Mutua púxose a bandeira da monarquía derrotada nas urnas en canto no Centro seguíamos coa galega e mais coa republicana...

Iso eramos nós, pelexados moito de palabra pero amigos nas comelladas en que se discutía de Franco e Negrín. Eu nunca vin que entre españois –habendo tanta morte e tanta barbaridade como en España había– se deixase de facer un negocio asiado ou se negase a existencia de uns e outros malia, como digo, os diferentes pensamentos.

Mais non era así entre os alemáns. Sinxelamente, os da *Estrella de David* e os do Club Alemán, que presidía don Rudolf *Bonchul*, nunca se trataban. Era como se os da outra confraría non existisen.

Ben que os da colonia fosen *chacareros* e os do club estancieros de gando e cereal, e profesionais das fábricas; pero daquela tamén había españois terratenentes como os bascos, comerciantes e empregados como os galegos e cultivadores de *chacra* como os leoneses...

Déixeseme ollar para Manfred von Schultz no tempo das maiores turbulencias, cando me ofendía un día e outro lembrándome como Franco gañaba terreo sobre a xeografía de España apoiado pola Lexión Cóndor, mostra activa de canto poderían facer a técnica e o exército alemán se Europa «non entraba en razóns».

Manfred, o fillo menor de don Rudolf e dona Helga, era un belo mozo, vestido con luxo para cada ocasión, sempre a mirar o mundo cos mesmos ollos do pai, velozmente desde o seu Mercedes descapotable, superiormente desde as alturas dun pura raza hannoveriano.

Fixera o bacharelato nun colexio alemán da capital da república, e alá estudiaba enxeñería agronómica. Malia os rigores do clima en Europa durante as nosas vacacións, todos os anos tomaba o vapor a Hamburgo e ía mergullarse unha tempada nas esencias do país que se preparaba para a guerra.

Houbo un tempo en que se falou de que ía casar cunha moza porteña, unha beleza coma el, delgada e loura. Lili, que así se chamaba, viaxou ata aquí cos pais e con eles foi tratada principescamente polos alemáns do Club. Os Von Schultz deron

unha festa na estancia maior e alí ficamos os convidados a ollar para os rapaces, que bailaban sen descanso ao son da orquestra sobre o xadrezado do salón.

Véndoos danzar, Hanna Braun a penas puido ocultar o desespero. Atopeina nunha esquina do salón bebendo champán de máis e falando co mordomo na lingua inútil de Goethe. Como eu ben sabía o que pasaba (que xa a sorprendera coa Rosalía a falaren de como evitar un embarazo), convideina a bailar, e puiden disfrutar daquel corpo cheo, ben armado, coma o dunha poldra que promete boa criación.

Confeso que ata fixen sitio no meu corazonciño de estudante á posibilidade de arranaxarme coa Hanna, refugallo do compañeiro de diversións que cada vez se distanciaba máis de min -ultimamente polas cousas da guerra de España.

Pero a vida é só un cúmulo de sorpresas e velaí que a «walkiria de Buenos Aires», filla dun grande industrial, non puido ocultar unha avoa de relixión apestosa.

Isto sóubose no Club Alemán e de alí, vía os camareiros, pasou a nova ao Centro Galego. Unha tarde de Nadal e sesta, moscas e mate, apareceunos pola casa o señor Alkalay, serbio de fala atrapallada a pesar de vinte anos entre crioulos, e deu parola ao meu vello con ansias de arranxar o mundo.

Meu pai historiou a vila da que dependía a súa aldea. Descubriunos que tiña unha Rúa da Sinagoga, e dixo que, malia as ideas de Bonchul o vello sobre os galegos (mestura de celtas con romanos e suevos), tampouco nos librabamos de sangue marrán. Algún antepasado noso renunciara á relixión das doce tribus para non deixar as terras amenas dos seus maiores; e que unha cousa era raza e outra relixión.

Don Eliezer Alkalay recordou a súa condición de sefardita e a grande pena de que a morte da mai o tivese privado da fala que os seus levaron de España a Oriente. Aínda máis (e daba golpiños nas fazulas e no peito) el era ben distinto doutros da súa relixión: ¿en que se lle parecían aqueles alemanotes avermellados da *Estrella de David*? Pero, sen embargo, cando ía tratar asuntos de seguros á Mutua Española, miraba para os socios e vía neles as faccións de tantos sefardís que fora coñecendo desde Serbia a Turquía...

Ben. O asunto foi que o Manfredito *Bonchul* volveu dunha viaxe e casou rápidamente coa Hanna, filla do panadeiro Braun, plebeo católico sen mácula de antepasados, abastado inmigrante, con campos de trigo e muíños para moelo antes de facer pan. E, durante os anos que seguiron, fóronlles nacente catro rapaciñas lindas coma bonecas mentres o mundo se viña abaixo ardendo en guerras e a colonia *Estrella de David* se enchía de labregos dispostos a cultivaren hortos en terra de gandería, searas e milleirais coma mares.

Eu casei coa miña compañeira Lourdes, de xente da terra, e incorporei á liñaxe dos Outeiriño –escravos das lexións romanas, servos da nobreza xermánica– sangue de conquistador castelán entregado aos amores cálidos da beleza guaraní.

Tiven tres fillos varóns e morenos que sempre miraron con gusto as lourecas das mociñas Von Schultz.

Pero a vida aínda habería de dar outra reviravolta e así chegamos ao momento en que dos varóns Von Schultz deste continente non ficaban nada máis que o vello craneólogo e o Manfred, porque o patriotismo fixera desaparecer no fondo do mar e nos campos de Rusia os dous fillos máis vellos de don Rudolf.

Hanna contoulles á Rosalía e á Lourdes que ela estaba un pouco farta de ter críos, que ben lle chegaba coas catro cativas pero que o home insistía en ter varóns, empeñado loucamente en reconstruír unha Alemaña que había gobernar a Europa de novo.

E deberon practicar con cálculo porque, por fin, veu ao mundo o rapaz, Oskar en memoria do tío afundido no submarino.

*Bonchulito* deunos unha festa de sete estralos, á que asistiu o patriarca criador de hannoverianos na súa cadeira de rodas, da que non se puido erguer para cantar o himno que corearon varios *milicos* dos nosos, educados en escola alemana.

A festa, con asado, carreiras de cabalos e bailongo, acabou de madrugada.

Cando ía levando eu a miña irmá Rosalía e a filla ao seu campo (que o home non puidera vir por culpa dun embarque de becerros), ao pasarmos por diante da entrada á *Estrella de David* vimos un cadro penoso: Manfred cos *milicos* e un fato de alemáns a repetiren o seu himno, e berrando pragas e maldicións contra os colonos inofensivos.

O sexto fillo dos Von Schultz Braun foi de novo muller, a Heidi, que andando os anos habería acadar título de *Miss* Provincia antes de se nos perder na tolería de Buenos Aires.

Non houbo máis descendencia do matrimonio e o Oskar malcriouse como non se podía evitar.

A Oskar von Schultz expulsárono do colexio da capital por unha falcatruada grandísima, seguida de castigo que non só incumpriu senón que protestou repartindo labazadas a varios profesores.

O claustro foi claro para a dirección: ou eles ou o rapaz. De nada valeu o apelido dos defensores da Grande Alemaña coas armas e cos negocios. Fóra...

Oskarcito veu para a vila, que xa se chamaba cidade, con rúas de cemento e semáforos, e pasou por todos os colexios dela.

Non daba pancada; acrioulábase, non distinguía entre castes, só procuraba a *joda*, a diversión a todo custo. Con aquel xeito de alemán das películas, alto e atlético, louro de ollos acuosos, parecía unha pantasma xogando á taba entre paisanos escuros, aindiados, á sombra da acacia maior de calquera boliche de campo.

Puxéronlle un alcume: *Zapallo*, por ser este, como din, o froito máis típico da terra...

Os pais desesperaban del, e pensaban preocupados nas dotes de tanta filla casadeira, que habían minguar grandemente os herdos dos avós, o estancieiro e o panadeiro.

Con todo, confiaban en que o fillo se defendería, e defendería a estirpe de apelido famoso, axudado por bos mordomos nos restos de estancias que lle deixase a natural partilla coas irmás.

Pero ese momento das responsabilidades, de mirar polos campos, ficaba lonxe nos pensamentos do *Zapallito*, tan guapo.

Desde a miña casa, que dá para moito observar na praza, farteime de velo pasar en coche e en moto, mirado con fervor as mulleres. Polos meus rapaces, e mesmo polo cotián disque e seique do Centro Galego, fun sabendo das conquistas do alemanciño, dos amoríos breves e intensos do mozo que nos inseminaba as femias da freguesía toda, sen distinción de idades, en mostra de capacidade varonil que o converteu nun mito.

Á parte de *Zapallo*, ao *Bonchul* desta xeración caeulle outro alcume, o de *Padrillo*...

Pero coas mulleres din que pasa como co viño: ao principio gusta todo o bo e despois, coa degustación de moitas bondades, o catador vai procurando o exquisito, o que non se envasa na botella máis ofrecida.

Oskar von Schultz –avisaron os meus fillos e confirmou a miña sobriña– namorouse por primeira vez de veras, dunha moza sorprendente, nada na colonia *Estrella de David*, filla dun matrimonio que fuxira das atrocidades europeas e aquí residía entre labregos cultivadores de froitas e verduras cando a seu oficio era artístico, a ilustración de libros.

Miriam Strasser axudaba os pais na imprenta que chegaron a montar e estudiaba leis na capital da provincia. Tiña algo de garza dos campos, na delgadez flexible: unha tez pálida, como de louza, tocada de cor levísima nas fazulas; o cabelo negro, corvino, e os ollos grises, grandes de máis.

Oskar, que –criticaban os do Club Alemán– mal lía a complicada lingua materna, pasaba horas sen conto metido entre os libros dos Strasser. Aquilo era un *metejón* que podía ter malas consecuencias.

E algo pasaría porque, logo de arroutadas amorias que non souberon ocultar, Miriam desapareceu.

A miña muller non tardou en saber a noticia: a rapaza marchara a Israel.

Daquela morreu o vasco Beramendi e correuse que fora do disgusto de saber que a filla estaba grávida dun larchán, o *Padrillo Bonchul*.

Para min teño que o Chemari Beramendi morreu do que tiña que morrer, de comelladas e bebedeiras, e que nunca lle puxera couto á filla única para evitar que xuntase a carne e a herdanza con quen tiña campos veciños e apelido ilustre.

Xuntáronse logo (para calar o escándalo) dúas razas puras, de ario e euscaldún, e axiña comezaban a nacer mesticiñas, todas nenas, para desespero do avó don Manfred, que vía perderse o apelido na seguinte xeración.

Nesta terra de machos, mesmo os alemáns acrioulados deron en rir do seu compatriota principal: era Manfred o que transmitía a falta de acerto. Enchérase el de fillas e agora enchíase delas o fillo.

Neste país pasamos moi malos tempos en canto Manfred *Bonchul* e eu nos faciamos vellos. El vendeu campos e propiedades urbanas para subsistir, e soubo en propia carne o que era a desaparición dunha filla e un xenro, vítimas da «guerra sucia». Eu, xa retirado, tiven que procurar unhas clases alá e outras acolá para podermos, a muller e eu, encher a pota de todos os días. Un fillo fóiseme para España e outro marchou aos Estados Unidos.

Padecemos anos de tristura que nos fixeron baixar a cabeza...

Por iso non é de estrañar a fin desta historia que conto e non é máis ca un capítulo tras do que poden vir máis.

Pasaron os anos. Oskar von Schultz e Begoña Beramendi tiveron catro nenas que se lles criaron ben, algo rústicas de andaren entre vacas e ovellas. Oskar e Begoña conservábanse bos mozos, distinguidos polas súas iniciativas na Sociedade Rural, matrimonio unido e famoso, cando apareceu na vila outro matrimonio dos seus anos, rechamante de máis: Miriam e Benyamin, a muller de ollos de garza que xa coñeciamos e un tipo aquilino, moreno de ollos negros, cabelo e barbas con rizos e un capeliño a proclamar a súa relixión.

Non se tardou en saber que Miriam casara cun heroe da inacabable guerra de Israel contra todos os veciños. Díxose que o heroe viña reforzar a Colonia, e a preparar un plano de «solución final» en caso de que a súa nación desterrada desde tempos dos romanos acabase tendo que abandonar a terra que lles arrebatara aos árabes nas última décadas.

O feito foi que logo o Benyamin deu en viaxar polo país en canto Miriam se ocupaba da imprenta dos pais e metía nela modernidades.

Miriam, vista cos meus ollos de ancián que non admite esa condición, era unha beleza digna de retrato: serena, madurecida por saiba Deus cantas asperezas; pero predisposta á paixón...

Un Nadal sucedeu a outro, todos coas súas calores, festas para os cristiáns e indiferencias para os que seguen a esperar o Mesías.

Para o segundo decembro, Miriam Strasser de Cohen —así nomeada de acordo coas leis da nosa república— deu a luz un neno e xurdiron os comentarios propios da ocasión: que esta terra de fartura animaba a xente a criar, que en Israel non debía haber nin cardos para as cabras, que mellor sería que non se correse a voz para que isto non se nos enchese de *moishes* alén dos da Colonia...

Desde esta casa na praza vese a vida pasar, principalmente cando un xa non vai tendo maiores présas. A *Imprenta Strasser* está ubicada na esquina que marca a diagonal xunto coa miña e por iso vexo claramente a entrada ao negocio.

Foron correndo os meses e fun vendo a Miriam cruzar a praza co carriño do cativo, cada vez máis arroupado.

Nunca vin entrar alá o seu marido.

Pero un par de veces si vin a camioneta de campo do Oskar *Bonchul* arrimada contra a beirarrúa da imprenta: cousas da Sociedade Rural, supuxen, que tamén edita panfletos. Porque namoros da mocidade convértense ós corenta anos –e «con sentidiño», como dicía o meu vello– a penas en mostras de solidariedade.

Aínda así, algo deume que pensar...

E despois veu a noticia veu, de lonxe, do Sur que algúns xa nunca veremos.

O fillo que me quedou aquí, Fernando, foi de excursión cos rapaces do colexio aos lagos glaciares, e alá, nunha hostería, entrou en relación de parolá amizosa cun andinista que resultaría ser membro do corpo diplomático, con anos pasados na embaixada de Tel Aviv.

Falaron do Plano Andinia, unha idea pantasmagórica que xorde e ocúltase pero non dá desaparecido. Todos os veráns –informou o diplomático– aparecen polo Sur grupos de israelís contando que son soldados de descanso logo de tres anos de servicio na guerra. Percorren o país, co ollo posto nas vastidades sen fin nin poboación.

Unha anécdota podía ilustrar esta curiosidade: días atrás, indo escalar en xeo, compartira microbús cun daqueles grupos. Seguros os rapaces do segredo que lles garantía o idioma rescatado da Biblia, falaron dun Benyamin famoso na súa terra, que agora andaba polas nosas explorando lugares e contactando xente. Nesa confianza, aínda comentaron xocosamente que o tal, incapacitado en batalla para ter descendencia, agora estaba feliz porque a muller tivera un fillo. Esperaban que, habendo unha colonia da súa nación na vila onde se establecera o Benyamin, o fillo fose da algún correlixionario, que así é como se fai patria. E, de calquera xeito, fose o pai quen for, xa se sabía: fillo de xudía, xudeu.

Logo que mo contou, o Fernando e eu calamos, cadaquén de nós coa súa sospeita máis ca certa, e eu andei perseguido pola morbosidade que se agranda co ocio ao que nunca deberíamos chegar, alomenos cantos fomos activos moitos anos da vida.

Ata que me decidín a ir á imprenta cunha desculpa: a de encadernar nun só tomo os textos que nos entregara a profesora de galego enviada pola Xunta de Galicia ao noso Centro. Quería facer un libro, cómodo de usar.

Alá fun e tiven sorte. Miriam atendeume co respecto que cómpre a un vello mestre da escola nacional. Neses momentos unha empregadiña da imprenta dáballe a papa ao cativo, que me sorprendeu polo cabelliño claro e lacio, e por uns ollos claros de auga azul que me trouxeron á memoria os de tres xeracións dos *Bonchul*.

E remato.

Acercabámonos de novo ao Nadal, con máis calores que nunca, cando me acheguei de novo á *Imprenta Strasser* sen máis interese có de saber como andaba o traballo concertado coa Miriam.

Entreí alá e axiña souben que a señora se ausentara un pedazo, pero que alguén tomaba conta do meu. O empregado foino comprobar á sala de máquinas, deixando aberta a porta da tenda ao obradoiro.

Era xa a hora morna do xantar e cheiraba a asado, a algún asado próximo, quizais no patio da imprenta. Non había nela barullo de actividade e da penumbra da sala conseguín rescatar unha imaxe, a dun home que se agachaba sobre un bebé sentado no seu carriño.

A criatura esperneaba, batía as palmas sobre as bolas da barra protectora da cadeira. O home falaba cariñentamente para o pequecho.

Falaba en alemán.

Afinei o oído e non me quedou dúbida:

Era Manfred von Schultz quen convertía en música a lingua inútil de Goethe.